

RESOLUCIÓN DO 10 DE ABRIL DE 2023 PARA O RECOÑECIMENTO DA ANTIGÜIDADE PARA O PERSOAL INVESTIGADOR E DO PERSOAL DE APOIO Á INVESTIGACIÓN DO CONSORCIO CENTRO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA MATEMÁTICA DE GALICIA (CITMAGa)*Preámbulo*

O Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAGa) é un consorcio das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, creado mediante convenio (DOG de 19 de agosto de 2021) que nace co obxecto de desenvolver investigación de excelencia e a transferencia de coñecemento en todas as áreas das matemáticas, a través do establecemento dunha axenda científica orientada e especializada, organizada en áreas de investigación e programas dirixidos á consecución dos retos globais establecidos nas estratexias marco de I+D+i. Nos seus estatutos, o artigo 7 apartado 1 establece que o CITMAGa queda adscrito á Universidade de Santiago de Compostela.

O Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela (DOG núm. 237 do 24 de novembro de 2020) no seu Artigo 3 (Ámbito persoal) establece que dito acordo é de aplicación ás entidades dependentes ou adscritas á USC, como é o caso do CITMAGa, tal e como establecen os seus Estatutos (DOG núm. 259 do 21 de agosto de 2021), no seu Artigo 7. A necesaria aplicación deste acordo ao persoal do CITMAGa permitiu avanzar na mellora das condicións laborais do persoal do centro.

En novembro de 2022, dende UGT solicítase á xerencia do CITMAGa o recoñecemento da antigüidade para o persoal investigador e o persoal de apoio á investigación do centro, co que xa conta o persoal da USC. Dito recoñecemento aplícase na USC en virtude da instrución VII/2021, pola que se establece o procedemento para o recoñecemento da antigüidade para o persoal investigador e do persoal de apoio á investigación. Se ben o CITMAGa é unha entidade adscrita á USC e esta dispón dun *Acordo sobre o recoñecemento da antigüidade do persoal investigador e de apoio á investigación*, asinado pola Mesa Xeral de Negociación o 28 de xullo de 2021, non é de aplicación directa ao persoal contratado no CITMAGa, polo que cómpre desenvolver un procedemento específico para o persoal do centro.

Á vista do exposto e coa vontade de recoñecer tamén no CITMAGa a antigüidade do seu persoal investigador e de apoio á investigación, feitas as consultas coas persoas traballadoras a través da organización sindical proponente, e no uso das competencias delegadas na Dirección Científica no Consello Reitor do 8 de setembro de 2021,

RESOLVO*Primeira. Obxecto*

O obxecto desta resolución é o recoñecemento da antigüidade ao persoal contratado no CITMAGa.

Segunda. *Ámbito de aplicación*

Esta resolución é de aplicación ás relacións laborais do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación contratado no CITMAGA, de acordo con artigo 154 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia.

Terceira. *Efectos administrativos do recoñecemento da antigüidade*

1. O complemento por antigüidade terá carácter de retribución básica e incluírase tanto nas pagas ordinarias como nas extraordinarias.
2. O persoal investigador contratado percibirá en concepto de antigüidade, por cada tres anos de servizos prestados, unha cantidade que se devengará e se percibirá segundo o previsto para o persoal docente e investigador das universidades do SUG, segundo se expresa no Anexo I.
3. O persoal de apoio á investigación percibirá, en concepto de antigüidade, por cada tres anos de servizos prestados unha cantidade que se devengará e se percibirá segundo o establecido para o persoal de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela de acordo co indicado no Anexo I. No suposto dun cambio de adscrición procederase á determinación da contía segundo os instrumentos convencionais de aplicación.
4. Para o recoñecemento da antigüidade computaranse os servizos previos prestados en administracións públicas, consonte os requisitos e criterios establecidos na Lei 70/1978, do 26 de decembro e no Real decreto 1461, do 25 de xuño, polo que se ditan normas de aplicación da Lei 70/1978, do 26 de decembro de servizos previos na Administración pública. Os trienios consolidados en réximes diferentes aos do ámbito de aplicación deste acordo, dos que se solicite o recoñecemento de servizos previos, aboaranse de acordo co disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro sobre recoñecemento de servizos previos na Administración.
5. A contía da antigüidade do persoal con dedicación a tempo parcial reducirase na mesma proporción en que se reduzan as súas retribucións.
6. Estes importes serán obxecto de actualización de conformidade co previsto nas leis de orzamentos para os empregados ao servizo do Sector público.

Cuarta. *Efectos económicos do recoñecemento da antigüidade*

1. O persoal incluído no ámbito de aplicación ao que se recoñeza antigüidade percibirá, con independencia do número total de trienios recoñecidos, o primeiro con efectos económicos desde o 1 de decembro de 2022 e o segundo trienio con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023.
2. Con independencia da data de perfeccionamento, e sen prexuízo de que esta planificación poida ser revisada en función da dispoñibilidade orzamentaria, o resto de trienios percibiranse de conformidade coa seguinte secuencia temporal:
 - Terceiro trienio: dende o 1 de xaneiro de 2024
 - Cuarto trienio: dende o 1 de xaneiro de 2025

- Resto de trienios: dende o 1 de xaneiro de 2026

Quinta. Inicio do procedemento para o recoñecemento da antigüidade.

1. O procedemento iniciarase por solicitude da persoa interesada dirixida á Dirección Científica. Mentres non se habilite a sede-e do CITMAga, a solicitude dirixirase por correo-e á dirección citmaga@citmaga.gal, xunto coa documentación acreditativa para o recoñecemento. Recibirase unha confirmación da recepción, que terá os únicos efectos de rexistro da solicitude.

2. No suposto de solicitar o recoñecemento de servizos prestados noutras administracións, deberá achegarse xunto coa solicitude a certificación expedida pola administración correspondente. Non será preciso incluír a información sobre os servizos prestados no CITMAga ou no ITMATI.

Sexta. Finalización do procedemento.

1. A Dirección Científica tramitará a resolución de recoñecemento de antigüidade que se notificará ao persoal interesado.

2. A resolución establecerá os períodos que se recoñecen e a aplicación dos efectos económicos previstos na cláusula Cuarta desta Resolución, que correspondan ao momento da solicitude.

3. A resolución de recoñecemento porá fin á vía administrativa podendo presentar recurso de reposición no prazo de un mes desde a notificación.

Sétima. Perfeccionamento de sucesivos trienios.

O persoal incluído no ámbito desta Resolución que acumule servizos prestados para perfeccionar un novo trienio, deberá solicitalo empregando o procedemento previsto nas disposicións anteriores.

Disposición derradeira. *Vixencia.*

Esta Resolución terá vixencia dende a data da súa sinatura.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2023

Anexo I. Importes do complemento por antigüidade

a) Persoal investigador

Importe mensual ordinario*	Importe mensual paga extraordinaria*
47,67 €	29,43 €

b) Persoal de apoio á investigación

Importe mensual*
44,38€

*Importes referidos ao ano 2022